



CLÁUSULA ADICIONAL DE SUBMISIÓN AO AGA NOS CONVENIOS COLECTIVOS

O Observatorio da Negociación Colectiva aprobou en xuntanza de data 27.04.2026 propoñer a inclusión dunha cláusula adicional de submisión ao AGA nos convenios colectivos:

CLÁUSULA ADICIONAL DE SUBMISIÓN AO AGA NOS CONVENIOS COLECTIVOS

Ante a importancia da resolución pacífica dos conflitos laborais, as partes asinantes manifestan o seu compromiso de promover e favorecer a solución negociada das discrepancias que poidan xurdir no ámbito das relacións laborais.

Para tal efecto, acordan someter as controversias que poidan suscitarse á utilización dos procedementos previstos no Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA), nos termos en que este se atope vixente en cada momento.

A utilización dos procedementos previstos no AGA tratarán de responder cun diálogo efectivo e a negociación de boa fe que permita explorar solucións consensuadas ás discrepancias formuladas coa finalidade de facilitar unha solución autónoma e pactada do conflito.

